



Concello de Lugo

INFORMACIÓN

Centro de empresas e innovación (CEI-Nodus)

Avda da Coruña, 500 (antigo Cuartel de Garabolos)

Teléfono: 982 29 74 68

www.lugo.es

cei@concellodelugo.org



Concello de Lugo

**CONVOCATORIA DE AXUDAS
ÁS MICROEMPRESAS
DO CONCELLO DE LUGO COMO
APOIO A NOVAS INVERSIÓNS
E FOMENTO DA CREACIÓN
DE EMPREGO.**



Concello de Lugo

QUEN PODE SER BENEFICIARIO DESTAS SUBVENCÍONS?

Poderán solicitar esta liña de axudas as microempresas (segundo a definición de recollida na Recomendación da Comisión 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, DOL 124, 20-05-2003, son as empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros) independentemente da súa forma xurídica (incluíndo comunidades de bens) que desenvolvan a súa actividade (teñan o seu domicilio fiscal) dentro do municipio de Lugo, excluída a zona URBAN (ámbito do PEPRI do núcleo histórico).

QUEN NON PODE SER BENEFICIARIO DESTAS SUBVENCÍONS?

- As MICROEMPRESAS:
 - o Que operen en sectores excluídos da normativa minimis
 - o Nas que concorra algunha das circunstancias establecidas na Ley General de Subvenciones
 - o Cuxa actividade unicamente consista no aluguer de local para o desenvolvemento doutra actividade económica
- Os locais nos que se desenvolva unha actividade non prevista na normativa urbanística vixente para esa situación.

CALES SON OS GASTOS SUBVENCIONABLES?

Concederanse axudas a fondo perdido para:

A. INVERTEMENTO. Activos fixos novos da seguinte natureza (**será necesario realizar polo menos unha contratación das que se indican no seguinte apartado cunha duración mínima de 6 meses**):

- o Obras necesarias para o desempeño da actividade (non se financia a adquisición de inmobles).
- o Maquinaria e ferramenta.
- o Mobiliario.
- o Equipamento informático de sobremesa, aplicacións informáticas directamente vinculadas coa actividade e o desenvolvemento da web corporativa ata un máximo de 4.000 €.
- o Outro inmovilizado material destinado a local no que se desenvolva a actividade, incluíndo rótulos comerciais.

B. GASTOS CORRENTES. Gastos de persoal (excluída a seguridade social a cargo da empresa) derivados das contratacións de persoas desempregadas con mais de tres meses de antigüidade como demandantes no servizo público de emprego de Lugo (empadroados en Lugo), pertencentes a algún dos seguintes colectivos: discapacitados, minorías étnicas, mulleres vítimas de violencia, parados de longa duración (mais dun ano de antigüidade como demandante), xóvenes (menores de 25 anos) sin experiencia laboral previa e persoas maiores de 45 anos. Os contratos deberán ter unha duración de mínima de 6 meses e iniciarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 28 de febreiro de 2015. Estimarase como importe subvencionable o salario mínimo interprofesional vixente á data 1 de xaneiro de 2014.

CAL É O IMPORTE DA AXUDA?

Poderá ser de ata o 50% do total dos gastos considerados subvencionables (IVE excluído).

Aos proxectos promovidos polo menos por unha muller, incrementaráselles a subvención nun 5% máis, ata un máximo do 55%.

Cada empresa beneficiaria poderá recibir unha axuda máxima de 10.000 €, na liña A (investimentos).

En virtude dos límites impostos pola normativa minimis, a axuda recibida non poderá supoñer que o importe total de axudas deste tipo recibidas durante un período de tres anos sexa superior ao límite de 200.000 €, agás as axudas ás empresas que operan no sector transporte nas que este límite será de 100.000 €.

CAL É O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES?

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado do Anexo I no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, Ronda da Muralla nº 197 en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres). no prazo de **20 días a contar desde a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, prevista para o 17 de setembro.**

O formulario pode obterse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo e na páxina web www.lugo.es

CAL É O PRAZO PARA XUSTIFICAR A AXUDA?

No período comprendido entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de setembro de 2015.



AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS

AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS